

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Corrección de erros.-Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais.

Advertidos erros no texto do Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, que foi publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 147, do 31 de xullo, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 13.028, no artigo 20º.-Solicitud, punto segundo, punto b), onde di: «artigo 14º letra c) do presente decreto», debe dicir: «artigo 13º letra c) deste decreto».

Na páxina 13.029, no artigo 23º.-Informes técnicos, no punto primeiro a referencia aos artigos 15º e 16º debe entenderse aos artigos 14º e 15º respectivamente.

Na páxina 13.029, no artigo 28º.-Procedemento e resolución, no punto primeiro, onde di: «artigo 15º do presente decreto», debe dicir: «artigo 14º deste decreto».

Nas páxinas 13.033 á 13.037 que recollen os anexos de solicitud, estes deben identificarse coa seguinte numeración:

Anexo I. Autorización para a creación, construción de centros de servizos sociais.

Anexo II. Permiso de inicio de actividades de centros e programas de servizos sociais.

Anexo III. Modificación substancial de centros e programas de servizos sociais.

Anexo IV. Permiso de cesamento de actividades de centros e programas de servizos sociais.

Anexo V. Acreditación de centros e programas de servizos sociais.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 165/2007, do 20 de setembro, polo que se dispón que cese Pedro Armas Diéguez como delegado provincial da Coruña.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de nor-

mas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte de setembro de dous mil sete,

DISPOÑO:

Que cese Pedro Armas Diéguez, como delegado provincial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, vinte de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 166/2007, do 30 de agosto, polo que se nomea presidente do Consello Social da Universidade de Vigo a Emilio Atrio Abad.

En virtude do establecido nos artigos 7.4º e 17.1º da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, e no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de agosto de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.

Nomear presidente do Consello Social da Universidade de Vigo a Emilio Atrio Abad.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de agosto de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente da Xunta de Galicia

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria